# Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de xullo de 2014

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o once de xullo do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2014**.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte e sete de xuño de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS ESTABLECEMENTOS BALNEARIOS DA PROVINCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO ACORDO SOCIAL SUBSCRITO DENTRO DO PROGRAMA DE TERMALISMO SAUDABLE E CULTURA TERMAL PARA O ANO 2014 ENTRE A DEPUTACIÓN E RENFE VIAJEROS, SA.-** Coa finalidade de desenvolver o programa “Termalismo Saudable e Cultura Termal” a Deputación Provincial de Ourense subscribiu un convenio con Renfe Viajeros, SA cuxo obxecto é a promoción conxunta dos servizos de transporte por ferrocarril e a provincia de Ourense como destino termal, coa regulación e posta en funcionamento da tarifa de tren “Ourense Termal”

Como complemento da dita acción, considerouse conveniente proceder á subvención aos participantes no programa, dos traslados desde a estación de tren aos balnearios de destino, incluíndo, ademais, unha oferta de actividades culturais e rutas turísticas, como complemento á oferta termal e á tarifa termal de tren.

Para tal efecto, por parte da Área de Benestar, coa asistencia da Secretaría Xeral, redactouse unha proposta de convenio cos establecementos balnearios adheridos como

entidades colaboradoras ao programa "Termalismo Saudable e Cultura Termal" do exercicio 2014. O obxecto do citado convenio sería articular a colaboración cos referidos establecementos para a posta en práctica da oferta de rutas turísticas e dos traslados desde a estación de tren aos balnearios dos participantes no programa, así como a canalización das subvencións ás mencionadas actuacións a través das entidades colaboradoras.

De conformidade co establecido no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense (BOP n.º 285, do 13.12.2013), a concesión directa de subvencións só procederá cando existan causas xustificadas que impidan a convocatoria pública das subvencións ou a súa concesión como nominativas.

No caso que nos ocupa, é evidente que resulta imposible a concesión das subvencións proxectadas por concurso ou como nominativas, xa que os únicos destinatarios posibles son os establecementos balnearios adheridos ao programa, e indirectamente os participantes no dito programa, que foron seleccionados xa por concurso público.

Son partes deste convenio, ademais da Deputación Provincial de Ourense, o Balneario de Molgas, SL, Covaqui, SL e Caldaria Termal, SLU.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo:**

**1º.- Aprobar a subscrición do convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e os establecementos balnearios da provincia para o desenvolvemento do acordo social subscrito dentro do programa de termalismo saudable e cultura termal para o ano 2014 entre a Deputación e Renfe Viajeros, SA. conforme coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto do convenio.**

Este convenio de colaboración ten por obxecto regular os dereitos e obrigas das partes asinantes para dar cumprimento ás obrigas recollidas nas estipulacións segunda e terceira do convenio entre Deputación e Renfe Viaxeiros, SA, e igualmente regular os compromisos que as partes adquiren na xestión das rutas turísticas que se ofertarán de forma conxunta á tarifa Ourense termal.

**Segunda.- Dereitos e obrigas da Deputación de Ourense.**

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a:

a) Desenvolver o programa informático necesario e incorporalo ao xa existente para a xestión e resolución da concesión de subvención para o programa de termalismo saudable e a cultura termal na provincia de Ourense correspondente ao exercicio 2014. Trátase, con isto, de posibilitar que no mesmo acto – e aplicativo informático- de solicitude de subvención, os participantes poidan solicitar a adquisición dos seus billetes de tren, de ida e volta, na tarifa "Ourense Termal", así como a reserva a abono das rutas turísticas. Nin a adquisición de billetes de tren, nin a de actividades culturais -rutas turísticas-, leva consigo subvención ningunha para os solicitantes do programa.

b) Participar, cun orzamento máximo de 10.000 € no compromiso adquirido con Renfe Viajeros, SA de trasladar, ida e volta, aos viaxeiros que adquiran a tarifa "Ourense Termal" dende a estación do tren de Ourense ata os balnearios. Este orzamento aplicarase aos traslados por estrada das rutas turísticas.

   Esta disposición económica será xestionada da forma seguinte:

   A Deputación participará,

   1) Ata 330 € para cada traslado, ida e volta, dende a estación de tren de Ourense e o balneario de destino, contía esta máxima que será minorada polo importe de 10,00 € (dez euros), ao que se compromete cada balneario participante por praza de transporte ocupada en tales traslados e pola contía de 5,00 € (cinco euros), aboado por cada participante no momento de contratar a tarifa de tren "Ourense termal".

   2) Ata 240 € en cada unha das rutas turísticas ofertadas. Esta contía máxima será destinada unicamente ao aboamento do importe do servizo de transporte por estrada incluído en cada unha destas rutas. Esta cantidade será minorada coa contía económica aboada por cada beneficiario da subvención (7,50 € -sete euros con cincuenta céntimos), en concepto de adquisición das actividades culturais.

**Terceira.- Dereitos e obrigas dos balnearios participantes.**

Os balnearios asinantes, comprométense a:

a) Ofertarlles aos beneficiarios seleccionados pola Deputación Provincial conforme ás bases reguladoras das subvencións para o fomento do ocio saudable e o termalismo na

provincia de Ourense, ademais dos servizos descritos na cláusula segunda de convenio asinado en data 23 de abril de 2014 a posibilidade de adquirir, en determinadas datas xa previstas, un billete de tren baixo a tarifa “Ourense termal” e as actividades culturais que se recollerán no anexo deste convenio.

b) Asumir directamente, en cada un dos servizos de tarifa de tren “Ourense termal” que sexan contratadas polo solicitantes unha contía de 10 € que será destinada a aboar o servizo de transporte por estrada (ida e volta) dende a estación de tren de Ourense ata o balneario destino e, con isto, minorar a achega da Deputación de Ourense a este concepto.

c) Subministrarlle á Deputación Provincial, así como a calquera persoa interesada, información detallada sobre as características dos servizos de transporte de ida e volta aos balnearios dende a estación de tren e os comprendidos dentro das rutas turísticas.

d) Comunicarlles aos servizos da Área de Benestar da Deputación Provincial calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das actuacións de prestación dos servizos, incluíndo as queixas, reclamacións ou suxestións que poidan formular os beneficiarios, e colaborar cos servizos provincias na súa resolución dun xeito áxil e eficaz.

e) Someterse aos controis e inspeccións sobre o cumprimento deste convenio que poida establecer a Deputación Provincial.

f) Xustificar, ante a Deputación en tempo e forma, a prestación dos servizos de transporte por estrada conforme co sinalado na cláusula cuarta.

En todo caso, serán responsabilidade exclusiva dos establecementos balnearios cantas incidencias poidan xurdir na súa relación contractual dos servizos de transporte contratados. Estas incidencias e a súa resolución rexeranse pola lexislación turística, mercantil, civil e de defensa dos consumidores e usuarios que sexa de aplicación.

**Cuarta.- Xustificación do convenio.**

A Deputación de Ourense aboaralles directamente aos establecementos balnearios o importe derivado da obrigas de pago contidas neste convenio, para o que cada un dos establecementos deberá presentar a seguinte documentación no rexistro da Deputación de Ourense, dirixida á Área de Benestar:

Cada establecemento presentará a documentación seguinte

a) Relación de beneficiarios que desenvolveron o programa no seu establecemento e que chegaron ao seu balneario con tarifa "Ourense termal".
b) Relación de beneficiarios do programa de termalismo que contrataron "rutas turísticas".
c) Relación de facturas pagadas/aboadas polos establecementos balnearios ás empresas de transporte que realizaron os traslados dende a estación de tren e desenvolveron as rutas turísticas onde se reflectirá o número de prazas ocupadas en cada desprazamento.

A documentación sinalada deberá presentarse antes do 10 de decembro de 2014, tendo este prazo carácter improrrogable. A documentación poderá presentarse nunha única entrega ao remate da prestación dos servizos aos beneficiarios, ou en entregas mensuais, correspondentes aos meses de prestación de servizos xa concluídos. Neste último caso, as subvencións libraranse parcialmente, en función dos servizos efectivamente xustificados en cada mensualidade.

3. O pagamento das subvencións ás entidades colaboradoras realizarase (tanto no caso de xustificación total como parcial) no prazo de trinta días naturais dende a presentación da documentación xustificativa relacionada no apartado 1, no rexistro de entrada da Deputación.

**Quinta.- Vixencia do convenio.**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2014.

**Sexta.- Comisión de seguimento.**

Para o seguimento e control das actuacións previstas neste convenio, créase unha comisión mixta, composta por un representante por cada unha das partes asinantes á que lle corresponderá velar polo bo desenvolvemento deste e resolver as controversias que poidan xurdir na súa execución. Esta comisión estará presidida polo Presidente da Deputación Provincial ou persoa na que delegue.

**2º.- Publicar este acordo no BOP para xeral coñecemento.**

| | QUENDAS | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Arnoia Caldaria Hotel Balneario** | **Hotel Balneario Baños de Molgas** | **Gran Balneario O Carballiño** | **Hotel Laias Caldaria** | **Lobios Caldaria Balneario** |
| *4 a 9 de agosto* | | | | | 25 |
| *11 a 16 de agosto* | 15 | | 15 | | |
| *18 a 23 de agosto* | | | | 25 | |
| *25 a 30 de agosto* | | | | | 25 |
| *1 a 6 de setembro* | | | | 25 | |
| *8 a 13 de setembro* | | | | | 25 |
| *15 a 20 de setembro* | | 25 | | | |
| *22 a 27 de setembro* | 15 | | 15 | | |
| *29 de setembro a 4 de outubro* | | | | 25 | |
| *6 ó 11 de outubro* | | | | 25 | |
| *13 a 18 de outubro* | | 25 | | | |
| *20 a 25 de outubro* | | | | | 25 |
| *27 de outubro ó 1 de novembro* | | | | | 25 |

| CIRCUÍTOS CULTURAIS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Arnoia Caldaria Hotel Balneario** | **Hotel Balneario Baños de Molgas** | **Gran Balneario O Carballiño** | **Hotel Laias Caldaria** | **Lobios Caldaria Balneario** |
| *Circuíto Enolóxico Ruta do Ribeiro* | | | | | |
| *Circuíto Monumentos I* | | | | | |
| *Circuíto Monumentos II* | | | | | |
| *Circuíto Verde* | | | | | |

**3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL, ECOLÓXICA, EDUCATIVA ARTEFICIAL**.- No Pleno con data 28 de febreiro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do actual orzamento. Habilitouse crédito no capítulo IV de gastos do dito orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05 unha subvención nominativa, por importe de 1.000,00 euros, a favor da Asociación Cultural, Ecolóxica, Educativa Arteficial, para a celebración do Festival Arteficial 2013.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na

lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural, Ecolóxica, Educativa Arteficial, nos seguintes termos:

-**Importe**: 1.000,00 €.

-**Obxecto:** a celebración do Festival Arteficial 2013.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de setembro de 2014.

**4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OURENSE E PROVINCIA**.- No Pleno con data 28 de febreiro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do actual orzamento. Habilitouse crédito no capítulo IV de gastos do dito orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 134.11/489.05 unha subvención nominativa, por importe de 1.000,00 euros, a favor da Asociación provincial de agrupacións de voluntarios de Protección Civil de Ourense e provincia, para a celebración das xornadas provinciais de protección civil, correspondentes ó ano 2013.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na

lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación provincial de agrupacións de voluntarios de Protección Civil de Ourense e provincia, nos seguintes termos:

-**Importe**: 1.000,00 €.

-**Obxecto:** a celebración das xornadas provinciais de protección civil, correspondentes ó ano 2013.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de setembro de 2014.

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA.-** No Pleno con data 28 de febreiro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do actual orzamento. Habilitouse crédito no capítulo IV de gastos do dito orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 432.11/467.01 unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra para gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ó ano 2014.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, nos seguintes termos:

-**Importe**: 20.000,00 €.

-**Obxecto:** os gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ó ano 2014.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-**Prazo xustificación**: ata o 30 de novembro de 2014

**6.- RESOLUCIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS INTERNACIONAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O ANO 2014 (BOP N.º 114, DO 21 DE MAIO DE 2014).-** Unha vez vista a proposta do día 8 de xullo de 2014, que formula a comisión de valoración para a concesión de bolsas internacionais da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2014, cuxas bases foron publicadas no BOP n.º 114, do 21 de maio de 2014, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aproba-la seguinte resolución:

**1º.-** Concedérlle-las seguintes bolsas ás persoas que se indican a continuación e que acadaron as puntuacións que lle dan acceso directo a ser beneficiarios das bolsas internacionais da Deputación de Ourense, cos destinos que tamén se sinalan.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de xullo de 2014**

| ORDE | DNI | APELIDOS | NOME | DESTINO |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 44446070-L | NÓVOA NÓVOA | VÍCTOR | REINO UNIDO |
| 2 | 44495637-K | RIOS FERNÁNDEZ | CRISTIAN | PORTUGAL |
| 3 | 76719471-G | CARRAJO GARCÍA | ALEJANDRO | REINO UNIDO |
| 4 | 44495957-L | BARROS CEBALLOS | BORJA | REINO UNIDO |
| 5 | 34628844-K | ARIAS CISTERNA | MARÍA | PORTUGAL |
| 6 | 76729611-R | GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ | ANTÍA | REINO UNIDO |
| 7 | 44479685-P | LIZCANO GONZÁLEZ | MARÍA | PORTUGAL |
| 8 | 44476485-M | ALONSO MÍGUEZ | ALFONSO | PORTUGAL |
| 9 | 44454960-P | FARIÑA VALENCIA | PABLO | PORTUGAL |
| 10 | 44466527-Y | GRANDE ESTÉVEZ | PABLO | PORTUGAL |

**2º.-** Relaciona-la listaxe de reserva por orde de puntuación de posibles suplentes para o caso de renuncia ou baixa nas bolsas dos beneficiarios directos delas.

| ORDE | DNI | APELIDOS | NOME |
|---|---|---|---|
| 1 | 44486575-K | OTERO NÚÑEZ | ALEXANDRE |
| 2 | 44486629-Y | LLAMAS ÁLVAREZ | LEONARDO |
| 3 | 44451624-F | VALENCIA CASTRO | MARÍA |
| 4 | 44490827-H | TABOADA REBOLLO | MARÍA |
| 5 | 44657920-Q | IGLESIAS SALANOVA | MARTA |
| 6 | 44660039-L | PERIANES SANTOS | FABIO ANTONIO |
| 7 | 44079633-H | PAZOS GAGO | ESTEFANÍA |
| 8 | 44487211-J | SABUCEDO ÁLVAREZ | AMARA |
| 9 | 76825450-E | FERNÁNDEZ-SANGUINO GÓMEZ | MARÍA DEL CARMEN |
| 10 | 76733072-N | BOO LOSADA | TANIA |
| 11 | 76714879-N | RODRÍGUEZ QUINTAS | ALFONSO |
| 12 | 44488224-Z | QUINTÁNS RODRÍGUEZ | AGUEDA |
| 13 | 53484734-M | SIEIRA TABOADA | ROBERTO |
| 14 | 53453289-R | BARRADO FERNÁNDEZ-VILLACAÑAS | ANA BELÉN |
| 15 | 44487931-C | PÉREZ PRIETO | PATRICIA |
| 16 | 53194279-V | RODRÍGUEZ ALONSO | RAQUEL |
| 17 | 36139772-X | LOSADA PUENTE | MARTA |
| 18 | 44454856-L | QUINTAIROS ESTÉVEZ | IAGO |
| 19 | 32818875-Z | LODEIRO RIOCABO | REBECA HELVIA |
| 20 | 79334626-J | PARDIÑO VIZOSO | IRIA |
| 21 | 79338328-N | BLANCO DOCAL | MATEO |
| 22 | 36162136-H | PENA ARCA | SABELA |
| 23 | 44464469-H | DÍAZ NORES | PAOLA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 24 | 76731331-L | AFONSO GONZÁLEZ | CARLOS |
| 25 | 11084210-G | GONZÁLEZ ORDÓÑEZ | AVELINO |
| 26 | 34269705-G | GONZÁLEZ GASCÓN | CRISTINA |
| 27 | 44486393-T | ÁLVAREZ GONZÁLEZ | JAVIER |
| 28 | 44466545-R | CONDE LÓPEZ | JORGE |
| 29 | 53112840-K | GARCÍA VILLAVERDE | INDALECIO M. |
| 30 | 36116481-H | GONZÁLEZ VIDAL | ALEXANDRE |
| 31 | 76719076-T | LÓPEZ RODRÍGUEZ | RAQUEL |
| 32 | 45687898-P | RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | ESTRELLA |
| 33 | 53181772-E | ÁLVAREZ GUERRA | DIEGO |
| 34 | 77422196-X | COVELO VELASCO | EDUARDO |
| 35 | 45845124-Y | RODRÍGUEZ PÉREZ | PATRICIA |
| 36 | 44496770-G | CID GARCÍA | CARMEN |
| 37 | 76732643-C | GARCÍA PARADELA | PABLO |
| 38 | 47379409-F | FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ | ARÁNZAZU |
| 39 | 44489735-F | GONZÁLEZ RODRÍGUEZ | LUCAS |
| 40 | 47379478-F | CUADRADO GARCÍA | CARMEN |
| 41 | 53186177-B | ALMEIDA ÁLVAREZ | LORENA |
| 42 | 44455680-S | CALVIÑO FERNÁNDEZ | BEATRIZ |
| 43 | 76903603-K | IGLESIAS COSTAS | TAMARA |
| 44 | 76970475-D | CAAMAÑO LADO | SOFÍA |
| 45 | 44471294-N | FERNÁNDEZ ÁLVAREZ | CRISTINA |
| 46 | 35610037-B | TIPÁN FRAGA | PAMELA |

**3º.-** Denegárlle-las bolsas solicitadas ás persoas que se relacionan a continuación e polos motivos que tamén se indican:

a) Por non cumpri-lo requisito establecido na base terceira da convocatoria, de non ter gozado anteriormente dunha bolsa dun programa de Mobilidade Europea para a realización de prácticas laborais no estranxeiro.

| ORDE | DNI | APELIDOS | NOME |
|---|---|---|---|
| 1 | 76899430-B | VALVERDE DOMÍNGUEZ | RUBÉN |

b) por non se presentar ás probas establecidas na base sétima da convocatoria:

- Concorrer á realización dunha proba da lingua estranxeira indicada na solicitude.
- Entrevista persoal.

1º) Persoas non presentadas á proba de idiomas:

# Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de xullo de 2014

| ORDE | DNI | APELIDOS | NOME |
|---|---|---|---|
| 1 | 48318116-S | AGUIRRE GIANDINOTO | GORKA |
| 2 | 76996280-P | ALONSO RODRÍGUEZ | SARA |
| 3 | 7281725-D | ANDUEZA BEGUÉ | IDOIA |
| 4 | 47379995-H | ARCAY VÁZQUEZ | KRYSTEL |
| 5 | 34889407-V | BAO RODRÍGUEZ | EDDY |
| 6 | 78805979-K | BARBAZÁN GARCÍA | EVA |
| 7 | 33999670-N | BARRO COCIÑA | MANOEL |
| 8 | 32710618-H | BREIJO VÁZQUEZ | CRISTAL |
| 9 | 44474743-B | CARNERO GÓMEZ | JAVIER |
| 10 | 34629158-J | CASTRO LÓPEZ | ANDREA |
| 11 | 44466725-C | CID ÁLVAREZ | PATRICIA |
| 12 | 54127237-A | CODESAL LAGO | VERÓNICA |
| 13 | 44479641-X | CONDE CID | NATALIA |
| 14 | 44490354-M | CRESPO DE LA FUENTE | MÓNICA |
| 15 | 36176650-L | CURRAIS PÉREZ | LAURA |
| 16 | 36151734-N | DAVILA MOLDES | ALBERTO |
| 17 | 76714972-J | DE JUAN GORDÍN | ALEJANDRA |
| 18 | 76720009-N | DE LA IGLESIA FERNÁNDEZ | ELOY |
| 19 | 44470283-J | DIÉGUEZ ÁLVAREZ | LETICIA |
| 20 | 78803414-D | DONO COSTOYA | ALBA |
| 21 | 32709245-W | DONOSO DÍAZ | ANA BELÉN |
| 22 | 44446661-N | DORRÍO RODRÍGUEZ | JOSE |
| 23 | 76725532-Q | ESTÉVEZ CEBRIÁN | MARTA |
| 24 | 77418166-M | FEIJÓO RODRÍGUEZ | LUCÍA |
| 25 | 34995117-L | FERNÁNDEZ BALTAR | JAVIER |
| 26 | 34879083-C | FERNÁNDEZ GROBA | TAMARA |
| 27 | 76728962-L | FERNÁNDEZ GUERRA | JOSUÉ |
| 28 | 71521924-C | FERNÁNDEZ PRADA | RUBÉN |
| 29 | 39461471-A | FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ | BIBIANA |
| 30 | 4737058-Q | FILGUEIRAS PÉREZ | SANDRA |
| 31 | 34267547-P | FOLLA FERNÁNDEZ | EVA |
| 32 | 44659689-Z | GARCÍA CASTRO | XURXO |
| 33 | 76717967-H | GARCÍA GARCÍA | ADELINA |
| 34 | 48593593-K | GARCÍA MONTERO | INÉS |
| 35 | 20086676-V | GIMÉNEZ AÑÓN | MARTA |
| 36 | 44476808-Y | GÓMEZ PÉREZ | ELENA |
| 37 | 44496771-M | GÓMEZ SIMÓN | OLALLA |
| 38 | 53170668-G | GONZÁLEZ MORAL | SALVADOR |
| 39 | 72746579-V | GONZÁLEZ SAGREDO | TERESA |
| 40 | 33539448-C | GRANDE LAGE | LAURA |

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de xullo de 2014**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 41 | 34992917-G | GUEDE NOVOA | ANA |
| 42 | 53193012-S | HERMIDA LOVELLE | DAVID |
| 43 | 44477024-S | IGLESIAS ÁLVAREZ | GUILLERMO |
| 44 | 53308910-Q | LEMA BLANCO | ALBERTO |
| 45 | 47365706-N | LEMA PARÍS | ÁNXELA |
| 46 | 76732875-E | LÓPEZ PRADA | JUAN JOSÉ |
| 47 | 44479005-H | LÓPEZ PROL | JAVIER |
| 48 | 44493130-K | LORENZO LIÑARES | PATRICIA |
| 49 | 46905937-J | LOZANO HERNÁNDEZ | ALBERTO |
| 50 | 05306385-D | LUCAS VILLAR | TERESA |
| 51 | 76870022-C | MAGAN DA FONSECA | MÓNICA |
| 52 | 44445288-L | MANSO ACUÑA | CERES SEREA |
| 53 | 77418019-L | MARIÑO BRALO | MIGUEL |
| 54 | 35488371-S | MARLETTA VÁZQUEZ | AGUSTÍN ELOY |
| 55 | 76903307-R | MÁRQUEZ CASTRO | BENITO |
| 56 | 44484072-W | MASID FERNÁNDEZ | MARÍA VICTORIA |
| 57 | 77414562-N | MÉNDEZ CASAIS | PAULA |
| 58 | 50890413-S | MILLÁN GARCIA | BEATRIZ |
| 59 | 76622574-Y | MIRA JORGE | NIKOLE |
| 60 | 15492064-T | MOLINER CACHAZO | JAVIER |
| 61 | 78492883-R | MOSQUERA FERNÁNDEZ | MARUXA |
| 62 | 44917274-E | MUCIENTES ANCIONES | ICIAR |
| 63 | 76730758-K | NOGUEIRA LÓPEZ | ABEL |
| 64 | 44445926-J | NÓVOA RODRÍGUEZ | PATRICIA |
| 65 | 39453647-E | OTERO MAGAN | RICARDO |
| 66 | 44482202-H | OUTEIRIÑO SANTOS | MARTÍN |
| 67 | 72982320-P | PALACIO ORTEGA | CRISTINA |
| 68 | 44476705-H | PATIÑO DOMÍNGUEZ | BELÉN |
| 69 | 33550357-G | PENELAS PAULÍ | MONTSERRAT |
| 70 | 76712751-T | PEREIRA ARES | MARÍA JESÚS |
| 71 | 34994504-G | PÉREZ ALONSO | JAVIER |
| 72 | 45861470-E | PÉREZ ASTRAY | ANTÓN CAMILO |
| 73 | 48403202-R | PÉREZ CASCALES | AGUSTÍN |
| 74 | 75121610-E | PÉREZ GARCÍA | ANTONIO JESÚS |
| 75 | 44846275-R | PÉREZ LÓPEZ | ANA |
| 76 | 44481012-R | PÉREZ RODRÍGUEZ | ANXO |
| 77 | 44494389-S | PIÑEIRO CONDE | ALBERTO |
| 78 | 44460556-S | PRIETO PIÑEIRO | ROBERTO |
| 79 | ´4408010-W | QUINTILLÁN RIAL | MARÍA DEL CARMEN |
| 80 | 39456840-H | RAFAEL CABALEIRO | ALEXIS |
| 81 | 48629779-M | RAMÓN GONZÁLEZ | ESTER |

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de xullo de 2014**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 82 | 06272591-P | REAL CENJOR | OLIMPIA |
| 83 | 33343247-D | REGUEIRO SANFIZ | SABELA |
| 84 | 45861292-M | REY CASCALLAR | MARÍA LOURDES |
| 85 | 44493828-Y | REY SANTOS | JAVIER |
| 86 | 76725907-T | RIBEIRO SOARES | VALERIA |
| 87 | 78801542-T | RIVEIRO CAAMAÑO | DANIEL |
| 88 | 34629441-C | RIVERA REGUEIRO | ANDRÉS |
| 89 | 46919985-P | RODRÍGUEZ BARCÓN | ALBERTO |
| 90 | 53198406-G | RODRÍGUEZ GONZÁLEZ | IRIA |
| 91 | 34273471-K | RODRÍGUEZ LOSADA | JENNIFER |
| 92 | 71897113-X | RODRÍGUEZ MONTIEL | CRISTINA |
| 93 | 77407188-K | RODRÍGUEZ PARADA | DUNIA MARÍA |
| 94 | 45845123-M | RODRÍGUEZ PÉREZ | RODRIGO |
| 95 | 76727065-P | RODRÍGUEZ QUINTAS | CRISTINA |
| 96 | 44466401-H | RUBINO BARREIRA | IVÁN |
| 97 | 53308765-D | RUIBAL FONTENLA | MIRIAM |
| 98 | 71031281-J | SANABRIA LUIS | VERÓNICA |
| 99 | 32701874-Z | SANTALLA RAMOS | AURORA MARÍA |
| 100 | 44481794-R | SANTEIRO GARCÍA | RUBÉN |
| 101 | 53483012-P | SIEIRA SILVA | MYRIAM |
| 102 | 48692602-S | SOLER CARRILLO | SILVIA |
| 103 | 28840592-H | SUÁREZ JIMÉNEZ | IRENE |
| 104 | 76723494-W | TESOURO CERDEIRA | LARA |
| 105 | 53193125-J | TRASPUESTO LEMOS | BEATRIZ |
| 106 | 35484998-T | TRIGO CARRO | MARÍA |
| 107 | 34988955-K | VARELA ALONSO | BORJA |
| 108 | 35484261-E | VARELA FERNÁNDEZ | MARTA |
| 109 | 53119261-W | VARELA RIVERA | Mª ANDREA |
| 110 | 33349077-C | VARELA SUÁREZ | COVADONGA |
| 111 | 34875852-D | VÁZQUEZ MÁRQUEZ | SONIA |
| 112 | 33546436-Q | VÁZQUEZ SANTOS | ELISEO |
| 113 | 44077600-D | VÁZQUEZ-LESCAILLE COUTO | RAFAEL |
| 114 | 44478712-R | VIEIRA OUTUMURO | SABELA |
| 115 | 76872366-H | VIEITES LORES | IVÁN |
| 116 | 47373684-D | VIEITO VILLAR | MIGUEL |
| 117 | 77413684-P | VILAR GÓMEZ | SANDRA |
| 118 | 34988750-T | VILLARINO PRIETO | IRIA |
| 119 | 45312422-F | YUSTE SANTANDER | CELESTE |

2º) Relación de persoas non presentadas á entrevista persoal:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de xullo de 2014**

| ORDE | DNI | APELIDOS | NOME |
|---|---|---|---|
| 1 | 44655415-H | ALONSO CASARES | IRIA |
| 2 | 77405636-X | ARAÚJO ALFONSÍN | MERCEDES |
| 3 | 44456689-N | CORTIÑAS FERNÁNDEZ | MARÍA CARMEN |
| 4 | 34628136-A | DE FRANCISCO FONSECA | ÁNGEL |
| 5 | 44486833-A | DOMÍNGUEZ GARCÍA | LORENA |
| 6 | 34271814-C | GARCÍA-ÁVILA GONZÁLEZ | HÉCTOR |
| 7 | 34271815-K | GARCÍA-ÁVILA GONZÁLEZ | GERMÁN |
| 8 | 47369782-V | RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ | Mª ELENA |
| 9 | Y2136079-Z | VENÂNCIO ALVES LOURENCO | ANA SOFIA |

**4º.-** A notificación desta resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial.

**7.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se suscitaron.

**8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA**.- Non houbo.

**9.- ROGOS E PREGUNTAS**.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día once de xullo do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,** **O SECRETARIO,**